

ROMANCEIRO E CANCIONEIRO

Luís Cochón

*Para aquela man celmosa,
leve azafrán, pero
cincia.*

Parece o título *Cancionero y romancero de ausencias* do último e derradeiro libro de poemas de Miguel Hernández, cando vimos de celebrar o seu centenario:

*Yo soy la flor del centeno
que tiembla al viento
menor.
Si me matan, bueno.
Si vivo,
mejor.*

Con esta cantigiña, sutilísima e patética, brizada polo aire, que máis que brisa é vento: **Vento do pobo.**

Agora que estamos a douscentos anos do nacemento de don Xoán Manuel Pintos, seguramente quen máis fixo polo noso idioma, dende Sarmiento, agora, despois de ler as prosas de Novoneyra en forma de pregóns, memorias e intencións, esa súa peregrinaxe pola Lingua, saberemos que o enorme educador da fala de nós, ten sido ese soño teimoso, de toda teimosía, sen ardeos nin desvíos, de Novoneyra, vate, bardo, dicidor, posuidor das palabras da tribo: *Excitatur Gallaeciae*.

Nunca outro tivo esa identificación profunda coa nosa fala galega, galegamente, como horizonte. Fala, por riba da patria, porque a fala é anterior.

O pouco que nos chegou pola escrita (se é que quedou na memoria deste pobo un algo) ten que quedar no seu *antigo*: dicir e pensar. Algo de nós que seguimos recoñecendo por noso: canto, cantar, canción, refrán, proverbio, danza, que acompañan os traballos e os días. Canto popular e tradicional, canto de lirismo coral, e oral, non foi recollido nos apógrafos dos nosos cancioneiros. Ninguén poderá dicir de nosoutros: “atónitos palurdos, sin danzas ni canciones”, que Menéndez Pidal pon en boca de Manuel Machado, cando o mundo sabe que é de don Antonio, en *Campos de Castilla*.

Canto latexa aínda (pero menos), ou sulatexa, no verbo antigo (salpreso e salferido) como fe de vida poética, cerne inxenuo e sutil, a naturalidade da que, os mellores, nunca se afastaron: *sermo vulgaris*.

A poesía popular de épocas pasadas está fóra da penetración do crítico moderno, xa que o pouco que se conservou –mínimo– aparece en textos que, polo feito de estaren escritos, son literarios. Quérese dicir que foi peneirada por un escuro camiño –ou congostra– de asimilación culta que, por veces, se nos escapa.

Tal é o caso de alindar folclore e literatura polo menos, se tratamos do suceso renacentista (s. XV e XVI) antes e despois da galaxia Gutenberg

Se algo nos quedou, milagre sería.

E qué aducir do que nunca se escribiu, da poesía cantada, supremamente oral, de boca en oído, que non precisa –di Margit Frenk– “poñerse no papel para manterse viva na memoria?” **Nebra que non leva.**

Se cadra unha loaira, tímida raiola, déixanos ver algo daquel mundo. De pronto, Lucas de Tui, en 1236, achéganos un verso dun cantar que celebra a derrota de Almanzor (1002).

Moitos anos despois Fernão Lopes sacará algúns cantares, sobre a revolución de 1383, onde morrerán o conde Andeiro, amante da raíña Leonor Trelles e o bispo, castelán, de Lisboa:

*Se quisedes carneiro
qual deram ao Andeiro?
Se quisedes cabrito,
qual deram ao bispo?*

De agora en diante xa non serán os cronistas, aínda que tamén, senón os poetas, os que terían que falar: “como raio de sole”.

*Garçetas as minhas garçetas,
el Rei me mandou por elas.
–Madre, que llis farei?
–Filla, dádelas al Rei?*

Unha arte exquisita e depurada: os temas, os escenarios; técnicas e motivos da lírica tradicional, con felicísimas achegas individuais. **Nebra que non leva.**

Grazas á dignidade que acadou a poesía popular no século XVI, coñecemos a antiga lírica, tamén os romances vellos. Non podemos saber, en verdade, cales e cantos elementos novos son **tona** da tradición ancestral.

“O CEO¹ que só volve cos embates/ fainos **antigos com-as palabras**”. Ben, ese **antigo** das palabras, en certa maneira gravita moito, ampáranos con todos os sistemas de actualización do pasado, ampáranos porque nos dá a impresión de pervivencia ou de eternidade.

1 De agora en diante, tódolos textos entre comiñas proceden de prosas de Novoneyra.

Pero noutro sentido tamén dificulta o gran reto de **pensar algo liberado**, non totalmente **liberado**, mais algo liberado desa pauta de pensamento que está xa na mesma Lingua”.

“E aquí temos ÁMETO MÍTICO cun sabor antigo e un inconfundible son de andadura ás veces mesmo octosílabo. O Camiño como busco silencio e espacio máis que como fervor e ensoño. Tamén pelegriñar a Santiago pero máis ben un pelegrinar pola Lingua de cara ás orixes. Pelegrinar por tódalas aldeas de Galicia onde inda queda algo máis que os últimos restos da cultura oral, quedan os portadores profundos da nosa memoria común: os únicos verdadeiros transmisores.

Dígoo con palabras súas e buscando o seu mesmo acento, pois o que logrou un poeta logo perténcelles a todos”.

“A nostalxia pola desaparición do rural é nostalxia das orixes, xa que no tempo de duración dese mundo, formouse e conformou a nosa lingua. Unha nostalxia como fortalecemento. Se houberse que desculpase da nostalxia, habería que facelo da memoria e da identidade. Coma se non fosen, nun, os tres tempos. A celebración pola palabra. A ofrenda do último canto”.

Na poesía popular sempre están presentes tódolos temas con maior equilibrio. E onde, nada do que incide na vida, é esquecido no canto. Ou tamén pode ser que a memoria dos cantos tradicionais dura máis e estivo menos sometida ó vaivén da moda que a poesía culta, desde que esta se independizou da música. E inda na poesía popular, a materia poética da terra ten unha pegada fortemente elexíaca: “Se canta lo que se pierde”.

Vémolo ben no alalá de Lobeira que cantaba a “Coral de Ruada” e que eu oín na voz, xa sen forza, de Luís Trabazo, entre o Café Xixón e a Praza da Cibeles, no paseo de Recoletos, do Madrid dos 60:

*Quen me dera en Lobeira!
Quen en Lobeira me dera!
Quen me dera en Lobeira,
Lobeiriña miña terra!*

Á fronte da *Segunda Antoloxía Poética*, publicada por Espasa Calpe, S. A., Madrid, 1922, de Juan Ramón Jiménez, figuraba a seguinte carta:

*“sencillo y espontáneo”
Señor don Manuel G. Morente², director de la “Colección Universal”.*

2 **Manuel García Morente** acabaría por ser decano da Facultade de Filosofía na Universidade Central de Madrid, nos momentos mellores, admirables (antes da guerra), que nunca máis esta disciplina acadou entre nosoutros. É increíble que ideas como as que aquí expresa o gran lírico (ás que asente o filósofo) de raizame fundamentalmente *institucionalista* puidese pasar sen desmedro á poética de Novoneyra, como temos testado, sempre, neste relatorio.

Mi querido amigo:

Al pedirme usted unas Poésias escojidas mías para la “Colección Universal”, me espresó su deseo de que yo elijiese, con un punto de vista popular, aquellas que, por su “espontaneidad y sencillez”, pudieran llegar más fácilmente a todos. Puesto a escojerlas, lo que yo tengo por más sencillo y espontáneo de mi obra, coincidía siempre, como yo creo natural —y por esto acepté su amable proposición—, con lo más depurado y sintético dentro del “tipo” de cada una de mis “épocas”.

¿Qué es entonces sencillez y qué espontaneidad? Sencillo, entiendo que es lo conseguido con los menos elementos; espontáneo, lo creado sin “esfuerzo”. Pero es que lo bello conseguido con los menos elementos, sólo puede ser fruto de plenitud, y lo espontáneo de un espíritu cultivado no puede ser más que lo perfecto. (A menos que se exija, para “conseguir” eso que suele llamarse sencillo y espontáneo, la incultura y la pereza.) De otro modo, volviendo la idea: la perfección, en arte, es la espontaneidad, la sencillez del espíritu cultivado.

Aquí tiene usted, pues, algo de lo que yo considero, por el momento, lo más sencillo y espontáneo de mi larga obra poética juvenil, y un poco, elejido con el mismo criterio, de la que ahora empieza; casi todo, de lo publicado ya, en libro o en revista.

Siempre suyo,

J. R. J.

Madrid, diciembre 1919.

[Mesmo o poeta do Courel que tanto zougou dos grandes líricos alemáns (Novalis, Hölderlin, Rilke), puido asumir aquel lema “Tal o astro, / sen apuro, e sen descanso”, que J.R. Jiménez trasladou de Göthe, como consigna.]

“Atendendo á letra, que se aferró con forteza ós catro rexos varales oitossilábicos, ó ser abandonada a forma paralelística das primeiras cantigas —pervivente na muiñeira— e ó descer apoucada a enxebre triada bárdica —inda mantida en louzanía nalgúns aires melódicos —todo parece dar por bo que a copla emerxeu milagreiramente cando a nosa fala rompéu a tatear as primeiras verbas do novo «sermo vulgaris» e escomenzó a frolecer a nosa roseira lingüística na que inda hoxe todos os abrentes abrocha unha nova rosiña. [...] Esperanzas, tenruras, ciumes e desdéns, dores da ausenza, agruras da empencha, costumes, ledicias e devocións pasan vivos e latexantes pola copla, xa que todas as rendas espirituaes están tecidas cos seus fíos. Cotovía de azas ceibes e lizgairas señorea e campa nos nosos eidos dende os rochedos dos cumios campesíos ós areeiros da beiramar, por riba de vilas e aldeias, dos vales mimosos, dos ríos espellantes e das gándaras esquivas. Ferida do amor ou da saudade, algareira ou en desconsolo, voando e revoando, espalla seus chouchíos e ergue seus trinos meloniosos ó son da gaita e da zanfona na reboldaina da romaría; na compañía do pandeiro en ruadas e espadelas; nas paroleiras rexoubas do fiadeiro namentras baila o fuso; nas vendimas, esmorgas e regueifas onde trunfan a bica quente e o bon viño falador; ó compás do tantán do tear, do cantío do carro, do rodicio do muiño e da chocalla da recua do arrieiro; ó longo das corredeiras camiño da feira ou da lonxana ermiada, e, respondendo ós laios do acordeión sentimental, na cuberta do vapor que se alonxa do chan nativo rumbo a praias de alenmar”. (Ramón Cabanillas, *Antífona da Cantiga*)

Alalás³

E pra ben cantar lixeiro
e pra ben cantar cargado
lixeiro de alento novo
cargado do máis calado.

Calado ser do meu pobo
por siglos asoballado.
Xostregan augas e ventos
sigue o penedo chantado.

...
Labregos e mariñeiros
obreiros de pan en pano
que cando tiveron que irse
de coiles te levaron.

...
(1970)

ALALÁS

NO VELLO SON

(Envío dende Santiago pros emigrados galegos)

“Adoptei a cuarteta de alalá, a forma máis concisa e profunda da nosa poesía popular, a fin de que esta prosiga, de man dos poetas, xa que o pobo deixou de facer novas letras e non pensei nunha renovación do xénero, senón simplemente nunha prolongación do mesmo por ser algo demasiado profundo, e no estilo, na propia lingua volver pró que pose ser innovado sin desvirtual, e pretendemos máis ben reactivalo e dotalo do maior rigor poético sin que perda frescura nin naturalidade”.

“En realidade, estes dous modos de transmisión supoñen na práctica dúas existencias (Wiora 1959) ben diferenciadas: unha existencia *primaria* na que estas obras literarias, creadas ou adaptadas para se transmitiren e difundiren mediante a voz humana entre un público concreto de oíntes, desenvolven no grupo social unha función ou unha serie de funcións, como temos visto. Cando unha peza da tradición oral perde o seu valor funcional no grupo social, déixase de usar, esquécese e desaparece. A meiranda parte das pezas literarias do repertorio oral galego viviron só esta existencia –como ten dito o especialista Domingo Blanco–. A existencia *secundaria* desa literatura empeza cando un sec-

3 Tódolos poemas son inéditos e da autoría do poeta courelao: alalás, cantos de Reis, romances, bailadas, muiñeira do Courel, Teño unha noiva pastora, Noites de Lúa e xeada, Cantiga da dona delgada, cantigas, alalás (outros), pastorela e Cantata en Compostela. Son poemas de “arte menor” de modo tradicional que percorren a escritura toda do poeta dende 1952 ata 1998. Nótese tamén que proveñen de dous novos títulos: *Noites de lúa e xeada e de *Romanceiro Courelao (senón doutros *Romances e cantigas*) para a bibliografía, insomne ou soñada, do Novoneyra. A versión completa in *Celebración*, pp. 175-176.

tor de público con capacidade para ler e escribir fixa por escrito unha parte destes textos executados oralmente e inicia un novo modo de transmisión entre un novo público (letrado) e en novos contextos, nos que predomina a recepción individual, e onde, equiparada funcionalmente á literatura escrita, adoita ser considerada como un valor cultural secundario. Queda, pois, nesta existencia profundamente modificada –empobrecida– como acto de fala, pero apta para unha conservación e transmisión indefinidas. A maior parte do repertorio actualmente coñecido da literatura galega de transmisión oral chegou ata nós nesta existencia secundaria”.

[A distinción saussiriana *acto de fala* / *acto de lingua* pode ser ben relevante neste contexto.]

[Cuarteta asonantada, nos versos pares, de non ser polo *retrouso*, que partilla as *coplas*. O resultado é un romance octosílabo común. Debemos prescindir da palabra “encadeados”, xa que non hai cadea (non son rimas cruzadas) na formulación métrica. Se algunha cadea hai, será temática, na medida expresa do cárcere, onde este pobo viviu en réxime carcerario:

*que cando tiveron que irse
de coiles te levaron*

Morte, exilio, emigración e outras inclemencias que fixeron que o canto se fora cos que se foron, polos camiños do éxodo e do pranto.]

“Da meirande e nobre avoenza –os alalás– é sin dúbida os primeiros nos correr dos tempos, nados nos días do asentamento da raza, Galica ten dous cánticos, retallos dunha liturxia ancestral, que gardan o celme e a esencia fragrante do que fumos e do que somos”.

E non parece decatarse Novoneyra de que estas coplas puideran, moi ben, fornecer a antoloxía de romances, para o *Romanceiro Courelao* que tiña entre mans ou entre mente:

Teríamos, pois, unha escolla máis, outro privilexio dentro dunha obra, total, que se foi desenvolvendo en predelas, como a de Santa María de Meiraos⁴.

Noutro lugar declara Novoneyra que para corraxir un poema hai que estar inspirado.

4 Utilizo a palabra predela, craso italianismo que ingresou no castelán no tempo de Cervantes (o Covarrubias, de 1611, inda non a ten) como escolma ou escolla. No soporte ou banca ou peitoril dalgúns retábulos, coma neste, o artista selecciona determinados motivos que están na obra total. É o caso dos catro sobrerrelevo, en pedra policromada, en santa María de Meiraos: o gaiteiro, o que toca os ferriños, o home que toca a frauta e o bombo pequeno ó mesmo tempo, ...

Nos últimos anos deixouse ir con aquel ademán seu de “non importa”, con certo fatalismo. Non estaría el para moito máis, cando pasou da intuición creadora, á prosa intelectual e discursiva. Algo me leva a min a acercar as palabras amigas de Antonio Gamoneda; *Un armario lleno de sombra*:

“No sé si la voluntad de escribir sobre mi infancia –de escribir mi infancia– tiene alguna causa. El olvido progresa en mí y se hace de su silencio intelectual que, fugazmente, me proporciona algo parecido a un bienestar, un bienestar vacío.

En el olvido están los recuerdos. Advierto que mi aprendizaje de vejez no es otra cosa que la forma que adoptan ahora en mí el pasado y sus sombras”.

*Fiado da sempre volta
la máis longa mocidade/
fun sin dar-me conta
ata perderme de min.*

A maioría destes poemas a seguir, de tipo popular ou tradicional, veñen dos últimos anos do poeta, coma se quixese el retornar á súa infancia:

Os Reis do Courel (versión canónica)⁵

*“Alegre tempo de Reis
que ven despois do Nadal”.*
Tempo de velar o lume
tempo do lume velar.

(retrouso) Neva no alto da serra
neva no fondo do val.
De aldea en aldea
van os reises a cantar.
...
Maria lava os pañales
no espello dun regueiro
e non veí a súa cara
que sólo veí a do Neno.
Maria tende os pañales
prelas brimias dun salgueiro
e pasa o tempo da neve
polo salgueiro movéndoo.
...
Asentou o Inverno frío.
Endurou a nevarada.
Non brilla a estrela dos Reis,
por miles as da xeadá...

Os Reis no Courel” (escolios)

5 Sen data, sobre unha cantiga tradicional que se achega nos dous primeiros versos en cursiva. A versión completa in *Celebración*, II, pp. 109-110.

Sobre unha cantiga tradicional

“Alegre tempo de Reis
que ven despois de Nadal”.

agallou Uxío Novoneyra este poema que segue:

*po de velar ó lume
tempo do lume velar.*

Nadal e Reis son festas de avoengo para nosoutros. O rapaz Uxío andou a cantar de casa en casa, de aldea en aldea, no inverno montañés:

*Dunha serra arredada
antiga nación cativa.*

Cantigou versos propios a modo de panxoliñas. A foliada era de rebumbio: “con gaita, tambor e bombo / e clarinete ademais”. De aí esta: *Leenda de Reis, segundo a tradición do Courel*, que o autor subliña de propia man, na primeira versión.

Na versión última, autógrafa, aparece sen data. O poema vén de ser publicado en *i-en todo o silencio preguntado...* Un mecanoscrito que acabamos de exhumar nestes días, sitúa o poema entre 1954-96, un longo labor como o *verbo antigo* do que el adoitaba falar, nesa caste de poesía oral que se transmite no tempo de xeracións.

O texto recosido con interminables apuntes, notas, variantes, chatas, emendas, incertezas: aló se foi o *Lobo* onde soía. Estrofas enteiras foron desbotadas. Case non hai algunha que se salve do furor versicida. A demouca xanzouse deixando o indispensable, ou menos: versos encoiro. Teremos que volver sobre ese furor de Novoneyra contra a súa propia obra, cando xa non é súa, tamén nosa, como patrimonio común da Fala. Ben está o noso profundo respecto ó labor do creador e das súas creacións. Ben, ese don do silencio que tanto perseguín, esa retracción da palabra cara a si propia. Porque hai outras palabras –as máis– que tamén quedaron escritas –aquí están– que non entraron, por último, no poema. *Palabras no limbo*, terán que ser chamadas, que poucas veces son palabras accesorias ou adventicias. Algunha vez serán consideradas (*cum siderare*) na perspectiva estelar que lle agarda á crítica.

Esta versión que hoxe damos, soamente pode ser lida como *escolio* da canónica que Novoneyra acadou para si e para nós, como *celebración* e soño:

1

Cintas de tódalas coores
e panos fremosos train
espelliños das rapazas
e xoias de relumbrar.

2

Cántigas en son antigo
escritas vendo nevar
para cantar inordiña
ó son da neve que cai.

3

Xunto ó Portal de Belén
ende menos luz había
brilla unha Estrela de noite
brillaba de noite e día.

5

Reis que acatades Rei
mirade onde a Estrela mira
dentro daquela cabana
feita de pedra calía.

4

Pasando terras desertas
lonxes países de lonxe.
En chegados ó Portal
eíll a Estrela parouse.

6

Os Reis danlle o aguinaldo
coas maos da Adoración.
Tornaron pra súa terra
cabalgando cara o sol.

“Romance das cinco mozas”

van polo Real abaixo
/son as cinco de Parada/
para o salón de baile
vestidas e peiteadas.

Perdigonas de pan novo
bando de alta montaña
cando disparan eiquí
xa están na outra banda.
Cando xa todos emigran
sóla-las cinco quedaban.

1971

1

van polo Real abaixo
pasan pola Ferrería
cando inda se baixaba
a pé para feira da vila.
Ora cantaban de amor
cantan as novas cantigas
ora un vello romance
que doutro tempo dicía:
“Por aqueles prados verdes
por aquelas praderías
andaba la Melinesa
hierba que par no tenía”
Cantaban a vella hestoria
por anacos esquecida.
Seguir apena-la siguen
pero de amor adiviñan.
Melinesa Melinesa
cándo e dónde sería
e cáles eran os aires
que os teus ramos movían?
Dunha serra arredada
antiga nación cativa?
Todo o que ó pasado afonda
co tempo o devolvía.

2

Espléndido o “Romance das cinco mozas”. Son dous poemas. O primeiro, 1, datado no 1971, 10 versos octosílabos asonantados (a – a), e o segundo, 2, en 24 versos de 8, datado en 1996, vinte e cinco anos despois, con cambio de asonancia que agora é (i – a). O autor introduce catro versos que proceden do romanceiro tradicional: “Por aqueles prados verdes / por aquelas praderías / andaba la Melinesa / hierba que par no tenía”, sobre o tema de Melisenda (aquí Melinesa por deturpación que xa se recolleu noutros lugares), que pon en boca das cinco mociñas (“Sóla-las cinco quedaban”), únicas destinatarias daquela secular historia de amor, testemuño da pervivencia (“Dunha serra arredada / antiga nación cativa?”) da lírica e do romanceiro, que non aparece no *Romanceiro Xeral de Galicia. Os romances tradicionais de Galicia*.

Pero tamén o poeta se mete no poema:

*Melinesa Melinesa
cándo e dónde sería
e cáles eran os aires
que os teus ramos movían?*

Neste último verso adobía Novoneyra saberes de Chariño, Johan Airas, Airas Nunes e o inesquecible Nuno Fernández (Torneol?).

É o caso que nos catro versos entre comiñas, os dous primeiros son de “Una fatal ocasión” dos Romances Tradicionales de Asturias. Os versos 3 e 4 proceden do “Romance de la Melinesa”, recollido en León, en terras maragatas á beira do Camiño de Santiago, pero non no Courel, que o mesmo romance que publicamos, autoriza. Adoita ser común que dous, ou máis, romances se transfundan, como nesta ocasión.

O inusitado é que, toda a escolástica do Seminario Menéndez Pidal, que estivo no verán do 82 na casa do poeta en Parada do Courel, non advertira, nin por asomo, a presenza desta xoíña. Máis estraño aínda é que Novoneyra non soubese situar o romance no lugar adecuado. Melinesa nada ten que ver con Gaíferos, segundo creo. Trátase dun romance erótico “Melisenda insomne”. Soamente a carencia do amor gozoso pode alterar o sono da moza: Bélissante, Melisenda, Melisendra, Melinesa, reliquias da materia artúrica.

“Por iso onte, cando baixaba O Picato, vindo de Santiago, dicía para min, á vista da cidade, aquil verso de *Ámeto mítico*: “Oh Lugo, a ti me adugo” (Oh Lugo, a ti me dirixo). A forma *adugo* xa hai tempo que caeu en desuso. Eu cólloa do trovador Fernando Esquíu que aló polo alto mil douscentos entrou namorado pola Porta de Santiago, como di o Cunqueiro, e así está gravado nela. O trovador volve e torna ó retrouso:

*O amor que eu levei de Santiago a Lugo,
a ese me aduce e a ise me adugo.
(por el viña e por el veño)*

Hai que recuperar formas perdidas que nunca deberon desaparecer. Iso só se lles permite ós poetas que é como dicir a todos, pois todos, sono algunha vez, cando encontraron a palabra ou se encontraron na palabra, pois tanto como na propia Terra residimos na propia Lingua.

“Posto que, máis que comentarista ou divulgador, págome de ser decidor, tanto no referente á miña obra, como a de outros poetas, hoxe limitareime a decirvos a miña poesía, por se a ocasión, por un quizaves, a última e iso puidese dar ó acto un certo patetismo que o beneficiase”

(A seis meses da morte que xa tiña o poeta atestiguada, polo menos do 92, desde que se veñen producindo as premonicións aciagas).

Os trobadores galego-portugueses están moi condicionados polos provenzais, sobre todo na cantiga de amor, onde parece que os namorados non se namoran en función do ser de cada un, senón por estar posuídos polo amor: “Amor me fez a min amar tal senhor. / E fazme alegre:”.

Pero na cantiga de amigo exprésase maior contacto co popular. Por iso é tan substancial e íntima a cantiga de amigo, e mesmo incorpora a natureza, a terra. E hai unha cantiga de amor que se comporta como a de amigo, que é unha de Roy Fernández de Santiago: “Quand’eu vejo las ondas”, que Uxío amaba, entre outras:

*Quand’ eu vejo las ondas
e las muyt’ altas ribas,
logo mi veen ondas
al cor, pola velyda:
maldito seja ‘l mare
que mi faz tanto male!*

Iso é profundamente galego. Aí está todo o ton profundo do escenario romántico. Rosalía chega a esa empatía profunda coa natureza. A maior parte dos trobadores eran cregos. Coñecían o latín. Todos se parecen. O que me interesa é o profundamente arteñado que está o pensamento dentro da estrutura verbal, que debe vir da pequena deslatinización, aínda se ole de cerca a grande lingua latina. É interesante por tanto para a nosa lingua: aínda é unha lingua moi enteira. Ler algo dos trobadores tódolos días para volver a mergullarse nese clima de lingua enteira.

Non hai ningún modo de cantiga que non deixase pegada e sámago en Novoneyra, tamén o escaño e a musa rexoubeira, entre os inéditos, onde a sátira é apenas desprezo.

“O poema “CONVOSCO falo...”: no segundo verso, ó comezo, hai que poñer Charinho: “Charinho Pero Meogo e Mendiño que levades a frol...”. “Que levades a frol”: que sodes os meus máis queridos, é outra forma de “levar a palma”. “Galego de cristal”:

hai un galego de voz xorda, profunda, e tamén o hai de voz cristalina, limpa. “Martín de Pradocelos, preto de onde eu nacín”, descubrín que era de eilí, é o trovador máis documentado para ser dun sitio, é o trovador máis documentado despois dos trovadores das cortes reais. É documentado até o milagre de que o nome da súa casa permaneceu por séculos. En Lóuzara. Na casa só quedaban dúas mulleres. Praducelo é a última aldea de Lóuzara indo para o Courel. Eu lancei a idea de que Martín de Pradocelos era da Casa de Martín, chámase aínda hoxe a *casa de Martín*. E non se sabe de ningún antepasado nesa casa chamado Martín. Cita a romaría de san Salvador que está cerca, cita Valongo, que está cerca. Dáse o nome do poeta, o nome da romaría, e dáse o nome de Valongo. A señora da casa de Martín, en Praducelo, fora eu eilí non sei se o vrau pasado ou o anterior (1952), pois nun momento, a señora, esto é emotivísimo, falando coa súa filla, faláballe de Martín de Pradocelos, e dicíalle: “O noso Martín”, é impresionante por riba de oito séculos. Testemuña de esa afectividade galega. Case parece o que se contaba nun conto de Castelao dunha vella que pasaba o mar tódolos días e ía rezando no barco polos afogados, e un día repararon que rezaba tamén “por un rapaciño que morreu en Tronco”, e preguntáronlle: “-¿Quen foi o rapaciño que morreu en Tronco, siña Sinforsosa?”, e respondeu así: “Non o sei, meu amantiño; ise afogado non é do meu tempo, pois xa rezaba por el a difunta da miña avoa, que non ceo estea”. Chamoulle “O noso Martín”. A casa de Martín é unha casa antiga, soa, entre prados, ao lado dunha fonte.

Escribo o poema “CONVOSCO falo con vós...”, parte ós vinte e catro anos e parte ós vinteseite:

*CONVOSCO falo con vós el Rei Alfonso Chariño Esguío e Torneol
Pero Meogo e Mendiño que levades a frol
...*

*i entre tódalas soldadeiras sóla ti María a Balteira
belida dos dados donda da danza a primeira.*

*Son eu trovadores do pensar
que non se debe ter por trovador
trovador que trova por trovar
sin ser de tal coita sofridor
que non pudiera sin rebrebr calar.*

*E non é menester que vos diga
pra quen vai dreita esta cantiga.*

Ós vinte e catro anos escribín a parte que empeza: “Son eu trovadores do pensar...”. Foi un man a man con Manuel María, dispostos a facer unha tenzón. Manuel María escribía cantigas medievais por puro culturalismo. E eu usaba esas formas para dicir cousas que me pasaban.”

Está por ver se poetas da xeración de Novoneyra, Manuel María, Cuña Novás, e o propio Uxío, non foron neotrobadoristas (a influencia de Bouza e de Cunqueiro) antes que coñeceran os cancioneiros, antes da versión vulgata que supoño a antoloxía benemérita de Álvarez Blázquez, este si foi libro de cabeceira durante moitos anos, despois en parte, dun poemario excepcional como foi en Benito Soto, *Dona do corpo delgado* que está a pregoar o mellor Cunqueiro posterior e último.

“A primeira vez que eu, cando presentei en Santiago, no ano 1957, que organizaran algo de tipo cultural, estaba Ferrín, que tería entón dezaioito anos. Pedraio mandara o discurso inaugural en dúas versións. Alguén leu a castelá. E eu empecei a falar, presentei a cousa en galego, e dei o recital en galego. Naquel recital estaba Bouza Brey, e pensou que eu me metía con el, pensou que os dous versos finais eran contra del, e non, era un puro xogo con Manuel María. Tampouco vai dirixido a Manuel María. Eu dáballe máis importancia á forma medieval. A xente escribe con autenticidade aínda hoxe sonetos (creo que non en Novoneyra, na súa poesía galega), e sen embargo cando utilizan a troba medieval, utilízana sen profundidade, e a min eso cabreábame. Verbas que non son verba.

María Balteira, para min foi un mito moi forte na xuventude. A todos nos deslumbrou o poema a María Balteira do poeta de Monterroso, que estivo en América moito tempo, Lorenzo Varela. No de María Balteira, para dar a fascinación pola danzarina, e era unha gran xogadora de dados, e eu utilizo ese “belida”, as “des” como sensación de ductilidade, de brandura, e utilizo oito “des” seguidas, “belida dos dados donda da danza a pirmeira”, para subliñar a brandura do seu corpo, a dondura, ten un erotismo enorme, e sendo tan forzado de “des”, pois ten un efecto, “donda da danza a pirmeira”, parece que quedou apreixada nun xesto seu, un posible xesto seu”.

Sucede en tódolos mitos, en tódolos ámbitos míticos. Balteira, tódolos trobadores, dona Ildara e dona Briosa, Melinesa e don Gaiferos, o mesmísimo Roldán. A fala, a terra son tamén, e sobre todo, ámeto mítico. A peregrinación maior, a Vía Láctea, o Grial, o Cebreiro, o Courel. Todo o imaxinario colectivo.

Sábese xa que o último do courelao está en *Mildouscentos. Cantata en Compostela. Tápix de varios trovadores* que el foi broslando con cantigas que eran do seu sabor, e cos poetas medievais que máis foron amigos. Unha parte, con Per Amigo, o da pastorela, en “[Cando eu un día en Compostela...]” na *Celebración, II*. E, aquí, outra, inédita.

Sábese tamén que o Novoneyra andou teimando nunha antoloxía de romances courelaos, con indicacións bastante precisas, e mesmo pezas novas para reunir todos eles, que non son poucos: os curtos e os extensos, e algúns nos que non reparou. E outros que poderían ser asimilables.

Bailada

BAILA cos brazos en alto
 en alto sin os baixar
 baila dereita meniña
 (xunta coma unha piña)
 pula a medio salto
 apunta sin remarcar.

Baila na punta do pe
 baila no acento da e
 baila no ffo da liña
 baila no rizo da onda
 baila pola redonda
 e volta a puntear.

Da muiñeira a jota
 da jota á muiñeira.
 Non unha danza rota
 é unha longa maneira.
 Non estiña o que brota
 Como unha cachoeira.

Que non viva o cantor
 mais que o tempo do amor
 pra non ter que desmentir
 o que lle fixo decir.

ROMANCES E CÁNTIGAS**Noites de lúa e xada**

(Parada do Courel)

A muiñeira⁶ do COUREL

Cantiga do máis NOVO GAITEIRO

A muiñeira da montaña
 a que tuvo que agardar
 polo máis novo gaiteiro
 que a pudera tocar.

Canta o paxaro no brelo
 canta até o que non canta
 canta a miña garganta
 o meu corpo i o meu pelo.

Estes dedos son para tocar.
 Este pé para acompañar
 este corpo pra se pandear
 esta moxedá (*pra n-acabar*)
 non ha acabar.

6 Este é o outro gran cántico, xunto co alalá, no dicir de Cabanillas, na introdución espléndida á *Antfona da Cantiga*. Debemos apuntar que este Novo Gaiteiro procede d'A *Gaita Gallega* (1853).

Teño unha noiva pastora

TEÑO unha noiva pastora
delgada como un salgueiro
como unha abrairiña nova
que dobra por onde eu quero.

–Pastora da serra sola
de qué estás tan pensativa?
O amor na soedade
vai afondando a ferida.

Pastora que está co gado
donde che vai a color?
–Non queira saber as penas
aquele que non as causou.

Tal respondeu a pastora
caibando o fuso das maos.
Axeitou a illarga a roca
volta de novo a fiar.

1954

ROMANCES E CÁNTIGAS**Noites de lúa e xeadá**

(Parada do Courel)

NOITES de lúa e xeadá
cando se degaña o millo
e se fía mada a mada
o liño á luz do murillo!

“O fuso de lonxe
o fuso de lado
a roca á illarga
o corpo delgado”⁷.

Noites de lúa e xeadá
como unha estampa pasada
como unha estampa gardada!

Pleno de lúa cimeira!
Solo de lúa e montaña!

Volven os mozos da guerra
sin a conta dos que fallan.
Dun lado outro da aldea
sona a ronda máis alta.

...

Parez que baixan as penas
parez que fenden e baixan.

CANTIGA DA DONA DELGADA

Delgadiña que doblegas
 que dobra com-as abrairas.
 O amor en cando chega
 abala tódalas flairas.
 Delgadiña de cintura
 es a miña namorada.
 Levo a túa figura
 n-unha liña debuxada.

Cantigas

De amor (il) padecía /ti
 como en extremo trovaba
 e non sempre (il) se atopaba /te
 eno punto que dicía.

Amor de tal desmesura
 que afinca namorados
 e fainos tan máis forzados
 que a súa propia tristura

Non todos son son Macías
 nen bolseiro en noite preso
 que nunca se saleu deso
 como o decir pretendías.

Máis que en amor en folías
 estás amigo afincado
 e só eras extremado
 en mentir canto decías

Outubro 1992

Alalás (outros)

Cabalo de arrieiro
 gosta de ir cabalgando
 e ten trotar máis lixeiro
 que vindo menos cargado.

Mulos de valdiorrés
 de peles arromanados
 crúzase o demo entre as patas
 e non consiguen pisalo.

Mentras as cousas extintas
 afondadas no pasado
 e tornan á nova vida
 en cabalgata de paso.

(Ámeto mítico)

7 O *andante* en hexasílabos entre comiñas (metro que o poeta aquecía tanto) que o autor dá como de corte popular.

Pastorela

PASTORA fiandeira namorada
 fía e canta na serra calada:
 “Non pasa día ó mundo sin eu pensar
 onde está a luz toda de me alumar”.
 Pastora fiandeira namorada
 Olla e cala pra serra calada.

Cantata en Compostela

1

ANQUE non-as oi entre elas falar
 Airas Nunnes míraas nun corro bailar.

Airas Nunnes míraas nun corro bailar
 E sabe cal dela se a que o vei mirar.

So a avelaneira
 so a mil-granada
 en ringuileira
 a roda pechada.

2

SEMPRE en toda romaría
 sempre hai un namorado
 que non está empeñado
 e unha dona valdía.

Trala mirada que brilla
 razoan el e mais ela
 a pastor de Compostela
 e Per Amigo de Sevilla⁸.

Como caracteres propios e comúns de todos estes textos de caste popular e tradicional, teñen que ser salientados os que se din a seguir: a) metros curtos e flutuantes; b) rima asonante; c) correlación, paralelismo, anadiplose, todas as isotopías propias do popular; d) predomina o polo metonímico sobre o metafórico; e) a retracción lacónica; f) o silencio e un airiño de vento, unha brisiña que conmove o verso; g) o verso hendecasilabo senón sae esporádico (“no bicarelo do bico do brelo”, *molto vivace*, movemento rápido e vibrante).

Toda a poesía do Novoneyra afonda nas raíces do mito, no mítico. Un territorio entre nebra e loaira, sen límite atopadizo, acaso sen camiño.

Para iso están os poetas: para fraguaren o mito. Mágoa ter que deixar o “Romance-paseo de Manuel de Ribadaira”, dramático por tráxico.

O mito da verdadeira poesía. “Tódalas aves do mundo, de amor cantaban”.

8 Outro anaco deste tapiz de varios trobadores, ó que o autor chamou **Cantata en Compostela*, vén en *Celebración II*, p. 110.

Todo poeta ten un heroe, epónimo.

Uxío ten a don Roldán, que comparece no seu último gran poema, fermosamente autobiográfico, dentro do ámeto mítico que non podía ser outro.

“A fuxida de Roldán”

(...)

vai irado a cabalo Don Roldán
 en polas costureiras empenchado
 sombra xa sin estrondo nin perigo
 salvando o Sil de lado a lado.
 Ena beira alí deixou testigo:
 A ferradura na pedra marcada.

...

Ó non terse a pastor metido
 e non vir de labrego herdado
 ó non ser en Meiraos frade armado
 nin poeta en Parada recluido
 vaga sombra tras sombras namorado
 entre Briosa e Ildara ido-vido.

...

Pelegrín a Santiago extraviado
 no tempo na lenda e no olvido

...

Entrou na miña casa de Parada
 e foi un verso ampre escollido
 de cabalo ó paso non forzado
 cargado de toda a edá pasada
 pra retiro final indefinido.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alín, José María (1968): *El Cancionero español de tipo tradicional*. Madrid: Taurus, 751-761.
- Armistead, Samuel G. , Joseph H. Silverman, Israel J. Katz (2006): *Folk literature of the Sephardic Jews (3): Gai-feros*, collected by...edition and study by Samuel G. Armistead. With musical transcriptions and studies by Israel J. Katz. Technical Editor Karen L. Olson. Newark (Delaware), Juan de la Cuesta, 565 pp. + 17 ilustracións.
- Blanco, Domingo (2006): *Literatura galega de tradición oral*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Creación e difusión Cultural
- Cabanillas, Ramón (1951): *Antifona da cantiga*. Vigo: Galaxia.
- Carali, Elide (ed.) (1982): *Letteratura e cultura popolare*, Bologna: Zanichelli, 216-237.
- Di Stefano, Giuseppe (1979): *El Romancero*. Madrid: Narcea.
- Frenk, Margit (1987): *Corpus de la antigua lírica popular hispánica (siglos XV a XVII)*. Madrid: Castalia, XXIX-LVIII.
- Jakobson, Roman /Bogatirev, Pietr (1977): "El folklore como forma específica de creación", *Ensayos de poética*. México: FCE.
- Martínez Torner, Eduardo (1966): *Lírica hispánica. Relaciones entre lo popular y lo culto*. Madrid: Castalia.
- Millán González-Pardo, Isidoro (2010): *Don Gaiferos de Mormaltán X Duque de Aquitania*. Santiago de Compostela: Follas Novas. Introducción, edición e apéndices de Luís e Iris Cochón.
- Propp, Wladimir (1980): "Lo específico del folklore", en *Edipo a la luz del folklore*. Madrid: Fundamentos. Cap. IV, 141-164.
- Said Armesto, Víctor (1997): *Poesía popular gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sánchez Romeralo, Antonio (1969): *El villancico (Estudios sobre la lírica popular en los siglos XV y XVI)*. Madrid: Gredos, 567-578.
- Schubarth, D. / Santamarina, A. (1984-1995): *Cancioneiro Popular Galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Valenciano, Ana (1998): *Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas. Romancero Xeral de Galicia, I*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Zymthor, Paúl (1991): *Introducción a la poesía oral*. Madrid: Taurus, 305-323.

